Foro económico de Galicia

Informe de Conxuntura socioeconómica

I / 2023

Fernando González Laxe (coord.)
José Francisco Armesto Pina
Patricio Sánchez Fernández
Santiago Lago Peñas

www.foroeconomicodegalicia.es

ASPECTOS SALIENTABLES

1. No cuarto trimestre do ano a economía galega acada o nivel precrise (PIB real). En contraste a economía Española atópase aínda nove décimas por baixo. Este aspecto positivo contrasta non só cunha significativa ralentización do crecemento do PIB en Galicia (3,8% fronte 5,2% do ano anterior), senón tamén cun crecemento interanual case dous puntos por baixo da media española (mantense no 5,5%). Con todo, Galicia presenta un maior dinamismo non só respecto á media europea e a zona euro senón tamén en países como Alemaña, Francia e Italia, a diferenza do acontecido con Portugal, que presenta un crecemento significativamente superior (6,7%).

2. O crecemento do PIB real en Galicia baséase fundamentalmente na achega positiva da demanda externa, que contribúe con 3,7 puntos ao crecemento agregado do PIB, o que contrasta co que ocurre no conxunto da economía española, que presenta un crecemento máis equilibrado. E unha achega da demanda interna superior á externa 3,1 e 2,4 puntos, respectivamente. Así, tanto no cuarto trimestre como no conxunto do ano 2022, todos os compoñentes da demanda presentan en Galicia un peor comportamento que na economía española. En Galicia, impulsado polo mal comportamento do gasto público contráese o gasto en consumo final, fronte ao incremento do investimento. A tempo aumentan as exportacións fronte á contracción das importacións.

3. Dende o punto de vista da oferta, tan só o sector primario presenta un mellor comportamento que no conxunto do Estado, ao medrar un 0,6% fronte á caída do 1,1% en España, manténdose o sector servizos como o de maior dinamismo impulsado polo comportamento das actividades do comercio, transporte e hostaleira (5,8% e 17,4%, respectivamente). Asemade, cómpre mencionar a positiva evolución do sector da construción (0,7%), tras dous anos de contracción do veb xerado. Por contra, salienta negativamente a contracción do 0,5% da industria manufactureira fronte ao seu dinamismo en España (3,8%).

4. A produtividade do tecido produtivo galego segue a ser inferior á media española, se ben o diferencial redúcese ao longo do período analizado no documento, situándose preto do 95% da media en 2022 tanto en termos de horas traballadas como postos de traballo equivalente. Unha das principais eivas da economía de Galicia é a baixa produtividade relativa da industria manufactureira. No último ano sitúase no 69,2% da media española en termos de postos de traballo equivalente a tempo completo e no 72,7% en termos de horas traballadas. Pola contra, tanto a construción como, en menor medida, os servizos presentan unha produtividade superior á media española.

5. A pesar da devandita ralentización do ritmo de crecemento do PIB, o mercado de traballo galego presenta datos agregados positivos atendendo á mellora tanto da participación das persoas no mercado laboral como na ocupación (taxas de actividade e de emprego) ademais da redución da taxa de paro. Estes datos teñen que ser matizados tendo en conta que Galicia mantense entre as CC.AA. con menores taxas de actividade (tan só supera a Asturias) e ocupación (a cuarta con menor taxa), ocupando unha posición intermedia a taxa de paro. Dende a posta en marcha da reforma laboral aprobada en decembro de 2021, a redución da temporalidade é outro aspecto moi positivo, situándose Galicia como a quinta C.A. con menor temporalidade.

6. Tras unha medra interanual do 3,8% do PIB, tanto a ocupación estimada pola EPA como as afiliacións presentan en Galicia un maior crecemento que no ano anterior, o que contrasta coa significativa ralentización dos indicadores de emprego recollidos nas contas económicas. Dunha banda, as afiliacións medran un 2,1% e a poboación ocupada un 1,7% fronte ao 2% e 1%. Os postos de traballo equivalentes a tempo completo increméntanse nun 2,2%, máis de cinco puntos por baixo da media de 2021; e as horas traballadas, un 1,2%, máis de catro puntos e medio. Fronte a este datos, cómpre mencionar que o mercado de traballo en España presenta un maior dinamismo que o galego nos catro indicadores mencionados.

7. Segundo os datos da EPA, a creación do emprego concéntrase en maior medida nas mulleres, no sector servizos, en persoas maiores de 45 anos e nos asalariados no sector privado, sendo todo o emprego creado emprego indefinido. No extremo oposto cómpre mencionar a redución da ocupación por conta propia e entre ao asalariados no sector público, así como no sector industrial e entre as persoas de 35-44 anos. No que ao desemprego se refire, as taxas de paro reflicten que este afec-ta en maior medida ás mulleres, persoas menores de 25 anos, estranxeiros e con estudios primarios, salientando o lixei-ro incremento do desemprego entre as persoas máis novas. Mención especial require o incremento da poboación ac-tiva de 25-34 anos, rachándose a ten-dencia descendente iniciada en 2009.

CONTIDOS

I- ANÁLISE CONXUNTURA:
. Contas económicas.
. Mercado de Traballo.
II - COMENTARIO:
. La inflación en el diván de la macroeconomía

O Informe de Conxuntura Socioeconómica ten como obxectivo subministrar aos axentes sociais, económicos e políticos a información básica e estratéxica que permita definir a situación actual da economía de Galicia. Asemade, pretende facilitar a avaliación continua das magnitudes máis salientables do noso País, e analizar os avances e melloras, mais tamén os atrancos ou retrocesos na súa dinámica macroeconómica.

ISSN 2530-318X
Editado en Ourense polo Foro Económico de Galicia
Marzo 2023

I- ANÁLISE DE CONTAS

Actividade económica en Galicia no cuarto trimestre e no conxunto do ano 2022. Dúas caras dunha mesma moeda

A economía galega acada no cuarto trimestre do ano o nivel precrise, a diferenza do que acontece no conxunto de España, (nove décimas por baixo). Por contra, a taxa de crecemento interanual no conxunto do ano 2022 sitúase case dous puntos por baixo da media estatal (3,8% e 5,5%, respectivamente), Con todo, Galicia presenta un maior dinamismo non só respecto á media europea e a zona euro senón tamén en países como Alemaña, Francia e Italia. Por contra, Portugal presenta un crecemento significativamente superior (6,7%).

En termos intertrimestrais a economía galega e española medran no derradeiro trimestre do ano un 0,2%, polo que se alonxa o fantasma da recesión, a diferenza do que acontece no conxunto da Unión Europea (-0,1%), Alemaña (-0,4%) ou Italia (-0,1%).

O crecemento agregado do PIB no ano 2022 baséase na achega da demanda externa, que aporta 3,7 puntos fronte a tan só unha décima no caso da demanda interna, presentando España non só un crecemento máis equilibrado senón un maior peso da demanda interna (3,1 e 2,4 puntos, respectivamente). Xunto a este desequilibro cómpre salientar que tanto no cuarto trimestre como con conxunto do ano todos os compoñentes da demanda presentan en Galicia, tanto no cuarto trimestre de 2022 como no conxunto do ano, un peor comportamento que na economía española.

Dende o punto de vista sectorial tan só o sector primario presenta un mellor comportamento que no conxunto do Estado, manténdose o sector servizos como o de maior dinamismo impulsado polo comportamento das actividades do comercio, transporte e hostaleira. Asemade, cómpre mencionar a positiva evolución do sector da construción, tras dous anos de contracción do veb xerado. Por contra, hai resaltar negativamente a contracción da industria manufactureira fronte ao seu dinamismo en España.


Un dos principais problemas da economía de Galicia é a baixa produtividade relativa da industria manufactureira, que no último ano sitúase no 69,2% da media española en termos de postos de traballo equivalente a tempo completo e no 72,7% en termos de horas traballadas. Por contra, tanto a construción como en menor medida os servizos presentan unha produtividade superior á media española.

Actividade económica

Ao igual que nas economías do noso entorno, a economía galega presenta unha significativa ralentización no ritmo de crecemento do PIB no segundo semestre do ano, rematando o ano cunha taxa de variación interanual do 2,2% no cuarto trimestre de 2022, case tres puntos menos que no mesmo período do ano anterior. Esta porcentaxe é superior ao rexistrado tanto no conxunto da UE-27 como no conxunto de países da zona euros (1,8% e 1,9%, respectivamente), ao igual que acontece con países como Alemaña (0,9%) ou Francia (0,5%). Por contra, a economía española e, en maior media, a de Portugal presentan un maior dinamismo (2,6% e 3,1%, respectivamente).

O PIB medio anual aumentou en Galicia un 3,8%, case dous puntos menos que no conxunto de España (5,5%), e a diferenza do acontecido no ano ante-

Evolución do PIB real na UE-27, na zona euro e nas principais economías europeas, 2019-2022. Taxas de variación interanual




	IV	I	II	III	IV	I	II	III	IV	I	II	III	IV
	2020					2021				2022			
Zona euro	1,2	-2,8	-14,2	-3,9	-4,1	-0,8	14,2	4,0	4,8	5,5	4,4	2,4	1,9
UE-27	1,4	-2,2	-13,4	-3,7	-3,9	-0,8	13,8	4,2	5,1	5,6	4,4	2,5	1,8
Alemaña	0,9	-1,2	-10,4	-2,5	-2,1	-2,2	10,2	1,8	1,2	3,5	1,7	1,4	0,9
Francia	1,1	-5,2	-18,6	-3,6	-4,2	1,5	18,6	3,6	5,1	4,8	4,2	1,0	0,5
Portugal	2,8	-2,6	-17,8	-6,2	-6,6	-4,9	17,0	5,0	6,6	12,0	7,4	4,9	3,1

Fonte: Eurostat e INE

rior, este é lixeiramente superior á media europea e á zona euro (3,5%). En comparación co acontecido nos cinco principais mercados dos produtos galegos (Francia, Italia, Portugal, Países Baixos e Alemaña), Galicia presenta un maior dinamismo que Alemaña (1,8%), Francia (2,6%) e Italia (3,7%), o que contrasta co comportamento nos Países Baixos (4,5%) e, en maior media, Portugal (6,7%).

Cómpre mencionar que en termos intertrimestrais o conxunto da UE-27 presenta no derradeiro trimestre do ano presenta unha contracción do 0,1%, porcentaxe similar á experimentada en Italia, sendo esta porcentaxe do 0,4% en Alemaña. Por contra, os

Evolución do PIB real na UE-27 e nas principais economías europeas, 2019-2022. (Base 4 trimestre 2019 = 100)




Fonte: Eurostat

Países Baixos presentan unha medra do 0,6% respecto ao trimestre anterior, fronte ao 0.3% en Portugal e o 0,2% no conxunto de España. Galicia presenta unha medra similar á da economía española, sendo sensiblemente superior en Cataluña e o País Vasco (0,4%) así como en Navarra (0,6%).

Se a comparación se fai coa situación existente no momento antes da pandemia, tras esta evolución da actividade económica, cómpre resaltar

**Evolución da actividade económica 2020-2022.
(Base 4 trimestre 2019 = 100)**




Fonte: IGE e INE

como un dos aspectos máis importantes que o PIB real en Galicia acada no cuarto trimestre do ano o nivel existente no cuarto trimestre de 2019, o que contrasta co acontecido no conxunto de España ou en CC.AA. como o País Vasco. Dunha banda, o PIB da UE-27 supera en case tres puntos o nivel precrise (2,8 puntos) o nivel acadado no cuarto trimestre de 2019 e en 2,7 puntos no caso de Portugal, situándose este diferencial en 1,9 puntos en Italia e en 1,2 en Francia. En Alemaña, tras a contracción do último trimestre, o nivel de actividade económica é similar á rexistrada no mesmo trimestre de 2019.

Doutra banda, a actividade económica de Navarra situábase 1,6 puntos por riba do PIB de 2019, sendo este diferencial de catro décimas no caso de Cataluña. Fronte a esta recuperación, no conxunto do Estado o PIB real no cuarto trimestre de 2022 situábase nove décimas por baixo do acadado no mesmo período de 2019, en tanto que no País Vasco o nivel de actividade económica é tres décimas inferior.

No que á evolución da economía galega se refire, mentres que a crise orixinada pola pandemia tivo unha incidencia negativa menos acusada en Galicia

Evolución do PIB real en Galicia e España, 2019-2022. Taxas de variación interanual




Fonte: IGE e INE

que no conxunto do Estado, coa reactivación económica iniciada no segundo trimestre de 2021 España presenta taxas de variación interanual máis elevadas. Tanto no conxunto do ano 2021 como no 2022 a actividade económica española medrou un 5,5%, situándose estas porcentaxes en Galicia no 5,2% e 3,8%, respectivamente.

A pesar de que a orixe da económica de 2008 e a de 2019 son distintas, a incidencia inicial da crise orixinada pola pandemia é moito máis acusada que na crise financeira e, ao mesmo tempo, ten un menor impacto en Galicia que na economía española. Asemade, en ambos os dous territorios a reactivación económica tras a crise de 2019 é máis intensa que na crise financeira, de xeito que tres anos despois do inicio da crise orixinada pola pandemia (12 trimestres) Galicia acada xa o seu nivel precise cando no mesmo período dende o inicio da crise anterior, a economía galega atopábase aínda 4,4 puntos por baixo. No caso da economía española, transcorridos doce trimestres desde o inicio das crises, o

Evolución da actividade económica en Galicia e España dende o máximo antes da crise 2008 e 2022



Fonte: IGE e INE


(1) A recuperación da actividade económica foi máis rápida no Estado, superando o nivel precrise no primeiro trimestre de 2018 (40 trimestres máis tarde) cando a economía española o superara no cuarto trimestre de 2016 (35 trimestres). O índice máis reducido acadouse en Galicia no derradeiro trimestre de 2012 (19 trimestres transcorridos) fronte ao primeiro trimestre de 2013 no caso de España (20 trimestres).

PIB real atopábase nove décimas por baixo no caso da crise do coronavirus e 4,5 puntos na crise de 2008.puntos por baixo.

DEMANDA AGREGADA

Dende o punto de vista da demanda, a desaceleración da economía galega ven motivada fundamentalmente por unha contracción da demanda interna, que detrae un punto ao crecemento agregado do PIB no cuarto trimestre do ano, e unha menor achega positiva da demanda externa, que aporta 3,2 puntos. No conxunto do Estado tanto a demanda interna como a externa contribúen positivamente ao crecemento do PIB, sendo esta achega de 0,9 e 1,7

Achega da demanda interna e externa en Galicia e España 2019-2022



Fonte: IGE e INE

puntos, respectivamente.

O cadro macroeconómico de Galicia reflicte que no conxunto do ano 2022 o devandito crecemento do 3,8% ven motivado fundamentalmente polo comportamento do sector exterior, que achega 3,7 puntos ao crecemento agregado do PIB por tan só unha décima no caso da demanda interna (1,9 e 3,3 puntos no ano anterior, respectivamente). No conxunto da economía española, este crecemento é máis equilibrado ao aportar a demanda interna unha achega positiva de 3,1 puntos e de 2,4 puntos porcentuais no caso da demanda externa (5,2 e 0,3 puntos, respectivamente).

Todos os compoñentes da demanda presentan en Galicia, tanto no cuarto trimestre de 2022 como no conxunto do ano, un peor comportamento que na economía española. No concernente á demanda interna, o cadro macroeconómico de Galicia reflicte que o gasto en consumo final encadea dous trimestres consecutivos con taxas de variación anual negativas, o que contrasta co dinamismo do investimento. En concreto, no cuarto trimestre o gasto en consumo final contráese un 1,4% respecto ao ano anterior (-2,1% no terceiro trimestre) impulsado tanto por unha contracción do 1,4% no consumo privado como do 1,5% no gasto público (-0,6% e -5,9% no trimestre anterior). Por contra, o investimento

Cadro macroeconómico de Galicia 2019-2022. Taxas de variación interanual.

	2019	2020	2021	2022	2022/I	2022/II	% 2022/III	2022/IV
Produto Interior Bruto	1,1	-8,8	5,2	3,8	5,3	5,3	2,7	2,2
Demanda								
Gasto en consumo final	-1,3	-6,9	3,8	-0,1	2,6	0,6	-2,1	-1,4
Fogares e institución privadas sen fin de lucro	-2,2	-10,4	4,2	1,3	4,4	2,9	-0,6	-1,4
AA. Públicas	1,4	3,3	2,6	-3,6	-2,0	-5,1	-5,9	-1,5
Formación Bruta de Capital	3,9	-12,8	1,0	1,4	-0,9	2,2	3,2	1,2
Achega demanda interna ao PIB	-0,4	-7,8	3,3	0,1	2,0	0,8	-1,2	-1,0
Exportacións	-0,1	-4,3	10,8	5,0	4,7	9,5	7,1	-0,9
Importacións	-3,1	-2,4	7,5	-1,4	-0,9	1,9	0,4	-6,7
Achega demanda externa ao PIB	1,5	-1,0	1,9	3,7	3,3	4,5	3,9	3,2
Oferta								
Sector primario	6,3	-8,7	0,7	0,6	1,3	1,6	-1,0	0,4
Industria	-7,0	-12,1	3,9	-2,0	-7,1	1,3	-2,1	0,0
Industria manufactureira	-1,5	-11,6	6,3	-0,5	0,8	4,2	-1,3	-5,3
Construción	2,1	-11,6	-1,6	0,7	-0,8	1,5	1,1	1,0
Servizos	2,9	-7,5	6,5	5,8	9,1	7,1	4,5	3,0
Comercio, transporte e hostalería	0,3	-19,4	14,8	17,4	27,4	21,1	12,9	10,1
Información e comunicacións	9,7	0,6	1,2	12,6	16,4	19,0	11,4	4,9
Actividades financeiras e de seguros	0,9	3,8	0,3	-8,6	-7,4	-10,4	-8,3	-8,3
Actividades inmobiliarias	1,4	-0,1	0,3	0,7	0,8	0,7	0,7	0,8
Actividades profesionais	11,8	-5,5	6,6	2,5	3,8	4,5	1,2	0,7
Administración pública, sanidade e educación	2,6	0,4	3,5	0,1	0,9	-0,3	-0,8	0,6
Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	6,2	-16,3	9,9	0,1	2,7	-1,3	3,5	-4,3


Fonte: IGE

medra un 1,2% respecto ao ano anterior, dous puntos inferior ao rexistrado no trimestre anterior.

No conxunto do ano o gasto en consumo final contráese un 0,1% por mor do comportamento do gasto en consumo das administracións públicas, que se contrae un 3,6%, ralentizándose significativamente o crecemento do consumo privado (1,3%). Por contra, o investimento presenta unha medra interanual do 1,4%, catro décimas menos que no ano precedente.

En comparación co acontecido na economía española, fronte á contracción do gasto en consumo final na Comunidade Autónoma, España presenta no cuarto trimestre de 2022 unha medra interanual tanto no caso do consumo privado (2,7%) como público (2,3%); en tanto que o investimento presenta un maior dinamismo no conxunto do Estado (2,4%, o dobre do estimado en Galicia). Se a análise se realiza para o conxunto do ano, o diferencial de 1,7 puntos no ritmo de crecemento do PIB ven motivado tanto polo desigual comportamento do consumo final, que medra un 3% en España (-0,1% e Galicia) como polo maior

PIB real en Galicia e España terceiro trimestre 2022. Indicadores de demanda. Taxas de variación interanual



Fonte: IGE

dinamismo do investimento, cunha medra interanual de 4,6%, máis de tres puntos por riba do experimentado en Galicia. No ámbito do consumo, cómpre mencionar o maior dinamismo do consumo privado en España, cunha medra do 4,4%; sendo a contracción do gasto das administracións públicas significativamente máis intensa en Galicia (-3,6% na C.A fronte ao -0,7% en España).

No que á demanda externa se refire, o cadro macroeconómico de Galicia reflicte a importancia da achega da demanda externa ao crecemento da economía galega en 2022. Dunha banda, no cuarto trimestre de 2022 a demanda externa contribúe con 3,2 puntos porcentuais motivado por unha menor contracción das exportacións (-0,9% respecto ao mesmo período do ano anterior) que das importacións (-6,7%). Esta evolución contrasta co rexistrado no conxunto do Estado, onde as vendas de bens e servizos ao exterior medraron un 6,9% e as importacións o fixeron nun 2,4%, situándose a contribución da demanda externa en 1,7 puntos. En relación ao nivel precrise, tanto en Galicia como na economía española as exportacións superan o nivel acadado no cuarto trimestre de 2019 (5,5 e 6,6 puntos, respectivamente), o que contrasta co valor real das importacións, que na economía galega atópase aínda 2,4 puntos por baixo do nivel previo á crise orixinada pola pandemia fronte aos 4,7 puntos por riba no caso de España.

No conxunto do ano 2022 a achega da demanda externa ao crecemento agregado do PIB ascende a 3,7 puntos fronte a tan só unha décima no caso da demanda interna, o que contrasta co crecemento máis equilibrado da economía española, onde a demanda externa aporta 2,4 puntos fronte aos 3,1 puntos da demanda interna.


Se se consideran tan só as relacións comerciais con terceiros países, as exportacións galegas medraron no conxunto do ano 2022 un 18,3% respecto ao ano anterior, acadando os 29.886,1 millóns de euros; en tanto que as importacións ascenderon a 27.083,8 millóns de euros, un 34,6% máis que no ano anterior. A cota de mercado das exportacións galegas no total estatal sitúase no 7,7%, tres décimas menos que no ano anterior, en tanto que as importacións representan, ao igual que en 2021, o 5,9%.

A elevada concentración xeográfica, sectorial e empresarial seguen a caracterizar ás exportacións galegas. Dunha banda, a Unión Europea concentra no último ano o 73,1% das vendas galegas ao exterior (21.857,3 millóns de euros), case dous puntos máis que en 2021. Xunto a este destino, o 6,9% das exportacións diríxense ao continente americano (2.059,7 millóns), un 5,3% a África (2.596,4 millóns) ou un 4,8% a Asia (1.436,3 millóns). Doutra banda,

os cinco principais destinos dos produtos galegos concentran o 53,7% das exportacións, máis dun punto por riba do rexistrado no ano anterior, e os dez primeiros case as tres cuartas partes (73,3% en 2021). Francia segue a ser o principal destino, por diante de Portugal e Italia, ascendendo os Países Baixos ata o cuarto lugar tras unha medra interanual do 86%. Entre os dez primeiros destinos dos produtos galegos sete son países da UE, descendendo o Reino Unido ata o sexto lugar, ao acoller o 5,1% das exportacións, Marrocos ata o noveno (4,1%), e manténdose Estados Unidos, no décimo (2,8%).

Dende o punto de vista sectorial, no último ano mantense relativamente estable a elevada concentración. Os cinco primeiros capítulos exportadores acollen no último ano case o 60% das vendas a terceiros países, ascendendo esta porcentaxe ata o 73,3% se se consideran os dez primeiros destinos; niveles similares ás do ano precedente. Doutra banda, se se ten en conta a desagregación segundo sectores económicos, os cinco primeiros sectores concentran case o 63% da exportación galega. Neste último caso cómpre mencionar o forte incremento do peso relativo do sector de petróleo e combustibles, o que contrasta coa acusada caída no caso do sector de automóbiles e motos.


Exportacións galegas 2021-22. Principais países e sectores económicos



Fonte: ICEX

Tras a devandita evolución, o téxtil-confección adianta ao sector do automóbil como o sector máis importante en termos de valor. Dunha banda, tras un incremento interanual do 21,1% o sector téxtil-confección vendeu ao exterior produtos por valor de 6.976,4 millóns de euros, o que supón o 23,3% das exportacións galegas, medio punto superior ao rexistrado no ano anterior. Doutra banda, o importe das vendas do sector do automóbil reducíronse un 2% respecto ao ano anterior, acadando os 5.719,9 millóns de euros, o 19,1% (o 23,1% no ano precedente). En conxunto as dúas ramas de actividade concentran o 42,4% das vendas galegas a terceiros países, tres puntos e medio inferior á rexistrada no mesmo período do ano anterior (45,9%). O peso relativo das exportacións pesqueiras redúcese ata o 9,1%, catro décimas menos que en 2021, aumentando significativamente o peso so sector enerxético, que no último ano concentra o 10,2% das exportacións galegas fronte ao 5,6% de 2021.

Exportacións galegas do sector do automóbil, téxtil-confección e pesca 2008-2022.




Por último, cómpre facer referencia á base exportadora regular ou número de empresas que exportan de xeito consecutivo nos últimos catro anos. En 2022 exportan regularmente en Galicia un total de 2.653 empresas, un 3,5% máis que no ano anterior, o que supón o 31,2% das empresas exportadoras

(30,2% no conxunto do Estado). A importancia destas empresas reflíctese en que concentran case o 94% do valor total das exportacións galegas.

A devandita concentración xeográfica e sectorial apréciase tamén na base exportadora, onde as cinco primeiras empresas exportadoras concentran en Galicia o 39,6% das exportacións galegas, ascendendo esta porcentaxe ata o 48,5% no caso das dez primeiras empresas, sendo estes valores significativamente máis elevados que no conxunto de España (10,8% e 15,6%, respectivamente). A pesar do seu elevado nivel de concentración, estas porcentaxes son máis reducidas que as rexistradas tanto antes da crise orixinada pola pandemia (43,5% e 52,2%, respectivamente) como antes da crise económica e financeira de 2008 (as cinco primeiras empresas concentran o 47,9% das exportacións e as dez primeiras, o 53,9%).

Número de empresas exportadoras e exportadoras regulares en Galicia 2008-2022



AGREGADOS DA OFERTA

Dende o punto de vista sectorial, tanto no cuarto trimestre de 2022 como no conxunto do ano, tan só o sector primario presenta un mellor comportamento que no conxunto do Estado, manténdose o sector servizos como o de maior dinamismo impulsado polo comportamento das actividades do comercio, transporte e hostaleira. Do mesmo xeito, cómpre resaltar negativamente a contracción da industria manufactureira fronte ao seu dinamismo en España.


No cuarto trimestre de 2022 o sector servizos presenta unha taxa de variación interanual do 3% en Galicia, cinco décimas inferior á rexistrada en España. A pesar deste diferencial, o subsector de comercio, transporte e hostalería presenta na Comunidade Autónoma un maior dinamismo, cunha taxa de variación interanual do 10,1%, case tres puntos máis que no conxunto do Estado. Por contra, o veb xerado polas actividades profesionais medra tan só un 0,7% cando en España o fai nun 5%; o tempo que as actividades artísticas, recreativas e outros servizos contráese un 4,3% fronte ao crecemento superior ao 10% en España. As actividades do sector primario presentan unha medra interanual do 0,4%, o que contrasta coa contracción do 2,5% experimentada na economía española. A diferenza do que acontece no sector primario cómpre resaltar a acusada contracción da industria manufactureira, cunha caída interanual do 5,3%, o que contrasta coa medra do 1,4% no conxunto do Estado.

Se a análise se realiza para o conxunto do ano 2022, Galicia presenta unha contracción tanto da industria manufactureira (-0,5%) como do sector industrial considerado no seu conxunto (-2%), o que contrasta co dinamismo no conxunto do Estado (3,8% e 3%, respectivamente). O sector servizos e o sector máis dinámico da economía galega, cunha medra interanual do 5,8%, sete décimas por baixo do estimado en España, influenciado pola expansión das actividades comerciais, transporte e hostalería, que presenta unha taxa de crecemento do 17,4%, case un punto máis que na economía española.

Asemade, cómpre mencionar a positiva evolución do sector da construción, que tras dous anos de contracción do veb xerado, presenta unha medra interanual do 0,7%. Ao mesmo tempo, as ramas agrarias e pesqueira presentan un incremento do 0,6% respecto ao ano anterior, o que contrasta coa contracción do 1,1% experimentada en España.

Tras esta evolución, no cuarto trimestre de 2022 tan só o sector servizos presenta un nivel superior ao rexistrado no mesmo período de 2019 (4,5% máis fronte a tan só 0,3% en España). Entre as distintas ramas de actividade salien-

Produto Interior Bruto en Galicia e España 2022: distribución segundo principais compoñentes da oferta. Taxas de variación interanual



Fonte: IGE e INE


ta o comercio, transporte e hostalería, que se supera nun 11,7% o nivel precrise e as actividades financeiras, que se atopa 14,9 puntos por riba; o que contrasta coa evolución das actividades artísticas, recreativas e outros servizos, que aínda presenta un veb real 12,2 puntos inferior. Tanto en Galicia como en España a construción é o sector máis rezagado, ao estar 10,9 e 11,6 puntos por baixo do nivel acadado no cuarto trimestre de 2019, en tanto que a industria manufactureira atópase 8,3 puntos por baixo en Galicia fronte a tan só 3,4 puntos no conxunto do Estado. O sector primario é presenta un comportamento desigual en Galicia e España tendo en conta que na Comunidade Autónoma a actividade aínda está un 7,3% por baixo do novel previo á crise, a diferenza do que acontece no conxunto de España, onde o veb real acadado no cuarto trimestre é un 8,2% superior ao rexistrado no derradeiro trimestre de 2019.

Por último, no que á estrutura produtiva se refire, o comercio transporte e hostalería concentra no cuarto trimestre do ano o 25,5% do veb xerado en Galicia nese trimestre, case tres puntos máis que no mesmo período de 2019; superando ao subsector da administración pública, sanidade e educación, que acolle o 19,2%, tres décimas máis que en 2019. Asemade, cómpre mencionar o descenso do peso da industria manufactureira, que supón o 11,5% do veb galego fronte ao 12,6% no cuarto trimestre de 2019. As actividades profesionais, vinculadas en gran medida ao desenvolvemento da actividade manufactureira, presentan unha lixeira caída ao concentrar o 6,6% fronte ao 6,9% no mesmo trimestre de 2019. A construción foi o sector que presentou a caída máis acusada pasando do 7,4% no cuarto trimestre de 2019 ao 6% de 2022. O sector primario concentra o 4,8% do valor engadido xerado pola economía galega, catro décimas menos que antes da crise orixinada pola covid.

Se consideramos as medias anuais e ampliamos o horizonte temporal para comparar a situación actual da estrutura produtiva galega coa existente nos anos 2008 e a orixinada pola pandemia do coronavirus, cómpre resaltar en primeiro lugar que o subsector de comercio, transporte e hostalería, tras ser un dos sectores máis afectados polo impacto inicial da crise e das medidas de restrición de mobilidade, concentra en 2022 o 24,9% do veb galego, porcentaxe significativamente superior á rexistrada tanto no ano 2008 como en 2019, que acollían o 22,3% e 22,7%, respectivamente. Do mesmo xeito, tras o forte incremento da importancia relativa do sector da administración pública, sanidade e educación en 2020, este concentra en 2022 o 19,1%, porcentaxe igualmente superior ao rexistrado en 2008 (16,4%) e 2019 (18,8%).

Fonte: IGE

Evolución da estrutura produtiva de Galicia en el cuarto trimestre 2019-2022. Principais ramas de actividade (VEB Galicia = 100)




Fonte: IGE

En segundo lugar, o sector da construción e a industria manufactureira presentan un importante descenso do seu peso relativa en cada un dos catro anos considerados. Dunha banda, a industria manufactureira representa en 2022 o 11,9%, cando no ano 2008 supuña o13,8% e no 2019 o 12,7%. Doutra banda, o descenso máis acusado rexístrase no sector da constru-

ción, que se ben concentraba o 11,7% do veb en 2008, no último ano supuña tan só o 6,1% (7,5% en 2019).

Por último, o sector primario concentra en 2022 o 4,8% do veb galego cando en 2008 e 2019 superaba lixeiramente o 5%.

Evolución da estrutura produtiva de Galicia. Principais ramas de actividade (VEB Galicia = 100)



Fonte: IGE

Produtividade do factor traballo

Por último, cómpre facer referencia á evolución da produtividade da economía galega entendida como o cociente entre o PIB real e o número de horas efectivamente traballadas ou o número de postos de traballo equivalente a tempo completo. O que mide é a cantidade producida por unha economía tanto en termos das horas traballadas como dos postos de traballo así considerados.

No concernente á produtividade medida en termos de horas efectivamente traballadas, os datos reflectidos nas contas económicas para o conxunto do ano 2022 amosan unha medra interanual da produtividade en Galicia do 2,6% resultado dunha medra do PIB real do 3,8% e un incremento do 1,2% das horas traballadas. Tendo en conta que no conxunto do Estado o emprego medra un 4,1% e a actividade económica un 5,5%, a capacidade produtiva da economía española aumenta un 1,4%. Do mesmo xeito, se o indicador de ocupación que se considera é o do número de postos de traballo equivalente a tempo completo, tanto Galicia como España presentan unha medra da produtividade en termos reais, sendo esta do 1,6% en Galicia e do 1,7% no conxunto do Estado.

Se se considera o PIB en termos monetarios, Galicia presenta unha produtividade aparente do factor traballo inferior á da economía española en torno ao 5% tanto se se mide en termos de produtividade aparente do factor traballo como en relación ao número de horas. O principal problema da economía galega no que á produtividade se refire atópase no sector industrial, e máis concretamente a industria manufactureira, por mor do seu moi baixo nivel; en concreto, o PIB por posto de traballo equivalente en Galicia é o 69,2% da media estatal cando no inicio das crises de 2008 e 2019 este ratio era case do 77%, mentres que se define a produtividade en termos de horas traballadas, no ano 2022 este indicador no sector manufactureiro era de 72,7% fronte ao 78,5% no ano 2008 e o 81% en 2019.

Como se reflicte no último gráfico, tanto o sector servizos como en maior medida a construción presentan unha produtividade superior á media estatal tanto en termos de postos de traballo equivalente como en termos de horas traballadas. En concreto, no caso da construción, a produtividade é un 3,2% e 11,1% superior á media española, respectivamente; en tanto que nos servizos a produtividade aparente en termos de postos de traballo equivalente é un 0,8% superior fronte aos 0,2% no caso das horas traballadas.

Por último, cómpre mencionar a evolución do sector primario quen presenta unha mellora relativa da produtividade

no último ano de xeito que a produtividade en termos depostos de traballo equivalente é un 1,8% superior á media estatal, o que contrasta co acontecido nos anos 2008 e 2019 (8,7% e 3,7% inferior, respectivamente). Por contra, en termos de horas traballadas a produtividade do sector en Galicia mantense por baixo da media española a pesar da mellora rexistrada; en 2022 a produtividade equivale ao 94,5% do total estatal fonte ao 75% de 2008 e o 86,2% de 2019.

Produtividade aparente do factor traballo 2022. Taxas de variación interanual


HORAS EFECTIVAMENTE TRABALLADAS


	Galicia			España		
	PIB	Emprego	Produtividade	PIB	Emprego	Produtividade
Total	3,8%	1,2%	2,6%	5,5%	4,1%	1,4%
Sector primario	0,6%	-3,2%	3,8%	-1,1%	-4,2%	3,1%
Industria	-2,0%	2,3%	-4,3%	3,0%	1,5%	1,5%
Industria manufactureira	-0,5%	2,2%	-2,7%	3,8%	1,9%	1,9%
Construción	0,7%	-2,2%	2,9%	4,1%	2,3%	1,8%
Servizos	5,8%	1,9%	3,9%	6,5%	5,1%	1,4%

POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTE A TEMPO COMPLETO

	Galicia			España		
	PIB	Emprego	Produtividade	PIB	Emprego	Produtividade
Total	3,8%	2,2%	1,6%	5,5%	3,8%	1,7%
Sector primario	0,6%	-0,6%	1,2%	-1,1%	-3,0%	1,9%
Industria	-2,0%	1,5%	-3,5%	3,0%	2,1%	0,9%
Industria manufactureira	-0,5%	1,5%	-2,0%	3,8%	2,8%	1,0%
Construción	0,7%	2,9%	-2,2%	4,1%	3,1%	1,0%
Servizos	5,8%	2,5%	3,3%	6,5%	4,4%	2,1%

Evolución da produtividade aparente do factor traballo en Galicia. Distribución segundo sexo (España = 100)





O MERCADO DE TRABALLO NO ANO DE 2022.

A pesar da ralentización do ritmo de crecemento do PIB en Galicia, o mercado de traballo galego presenta datos agregados en principio positivos atendendo aos niveis de ocupación e a redución do desemprego. O ano 2022 presenta así unha mellora tanto da participación das persoas no mercado laboral como na ocupación (taxas de actividade e de emprego) ademais da redución da taxa de paro. Ao mesmo tempo, dende a posta en marcha da reforma laboral de decembro de 2021 a redución da temporalidade é outro aspecto positivo.

Tras unha medra anual do 3,8% do PIB, case punto e medio inferior á do ano anterior, tanto a ocupación estimada pola EPA como a rexistrada nas oficinas de emprego presentan un maior crecemento que no ano anterior, o que contrasta coa significativa ralentización dos indicadores de emprego recollidos nas contas económicas. Dunha banda, as afiliacións medran un 2,1% e a poboación ocupada un 1,7% fronte ao 2% e 1% do ano anterior; doutra banda, os postos de traballo equivalente a tempo completo increméntanse nun 2,2%, máis de cinco puntos por baixo da media de 2021, e as horas traballadas, un 1,2%, máis de catro puntos e medio inferior. Fronte a este datos cómpre mencionar que o mercado de traballo en España presenta un maior dinamismo que o galego nos catro indicadores mencionados.

A creación do emprego reflectido pola EPA céntrase en maior medida nas mulleres, no sector servizos, en persoas maiores de 45 anos e nos asalariados no sector privado, sendo todo o emprego creado emprego indefinido. No extremo oposto cómpre mencionar a redución da ocupación por conta propia e entre ao asalariados no sector público, así como no sector industrial e entre as persoas de 35-44 anos. No que ao desemprego se refire, as taxas de paro reflicten que este afecta en maior medida ás mulleres, persoas menores de 25 anos, estranxeiros e con estudios primarios, salientando o lixeiro incremento do desemprego entre as persoas máis novas. Mención especial require o incremento da poboación activa de 25-34 anos, rachándose a tendencia descendente iniciada en 2009.

Unha primeira aproximación global á situación do mercado de traballo en Galicia ten de realizarse a partir dos indicadores básicos do mercado laboral e a súa comparación co resto das CC.AA.: taxa de actividade, taxa de ocupación, taxa de paro e taxa de temporalidade. Como primeiro aspecto positivo do comportamento do mercado de traballo en Galicia cómpre mencionar a mellora, en termos anuais, das taxas de actividade, ocupación e desemprego. Asemnade, tras a posta en marcha

da reforma laboral aprobada en decembro de 2021, a taxa de temporalidade descende de xeito importante en Galicia.

No concernente á taxa de actividade, a participación laboral dos galegos aumenta no último ano ata o 53%, cinco décimas por riba do estimado no ano anterior. Deste xeito, Galicia mantense como a segunda C.A. coas taxas máis reducidas tras Asturias, cun 49,8%, reducíndose non obstante o diferencial con respecto ao conxunto do Estado, onde tras unha medra de dúas décimas sitúase no 58,7%. A taxa de actividade feminina é notablemente inferior á masculina, con taxas do 49,2% e 57%, respectivamente, o que supón un diferencial de 7,8 puntos porcentuais (8,8 puntos no ano anterior). No conxunto do Estado, o diferencial mantense por riba do existente en Galicia, situándose en 9,9 puntos, aumentando a taxa de actividade feminina ata o 53,8% e a masculina ata o 63,7%.

No que á taxa de ocupación se refire, a relación entre a poboación ocupada e a poboación maior de 16 anos ascende en Galicia ata o 47,1%, se ben aumenta o diferencial con respecto á media estatal que se sitúa en 4 puntos fronte aos 3,5 puntos do ano anterior (no conxunto do Estado ascende ata o 51,1%). Esta porcentaxe sitúa a Galicia como a cuarta Comunidade Autónoma con menor taxa de emprego, por diante de Asturias (43,5%), Andalucía (45,9%) e Estremadura (46%).

Ao igual que acontece coa taxa de actividade, a participación das mulleres é significativamente inferior á dos homes, sendo o diferencial en Galicia novamente inferior ao estimado no conxunto do Estado. Entre os homes a taxa de emprego sitúase no 51,3% fronte ao 43,3% no caso das mulleres, o que implica un diferencial de 7,9 puntos, fronte aos 10,7 puntos en España (56,6% e 45,9%, respectivamente).

Principais datos do mercado de traballo en Galicia 2019-2022

miles de persoas	2019	2020	2021	2022	2022			
					I	II	III	IV
Poboación maior de 16 anos	2.335,3	2.339,0	2.340,9	2.342,6	2.340,2	2.341,6	2.343,0	2.345,6
Poboación activa	1.241,1	1.220,9	1.228,2	1.240,4	1.232,4	1.244,7	1.248,6	1.235,9
25 - 34 anos	223,3	210,7	207,0	208,2	207,8	210,7	208,5	205,7
Poboación ocupada	1.095,2	1.074,2	1.085,1	1.103,7	1.091,4	1.105,2	1.113,8	1.104,5
Conta propia	216,6	205,3	208,2	203,2	199,0	205,6	201,7	206,3
Conta allea	878,3	868,6	876,4	900,4	892,2	899,5	911,6	898,2
Outra situación	0,3	0,4	0,5	0,2	0,2	0,2	0,4	0,0
Poboación parada	145,9	146,7	143,1	136,7	141,0	139,4	134,8	131,4
Parado longa duración	57,1	49,9	59,0	51,7	57,2	52,9	49,7	47,0
Poboación inactiva	1.094,2	1.118,1	1.112,7	1.102,2	1.107,7	1.096,9	1.094,4	1.109,7
Taxa de actividade	53,1%	52,2%	52,5%	52,9%	52,7%	53,2%	53,3%	52,7%
Taxa de ocupación	46,9%	45,9%	46,4%	47,1%	46,6%	47,2%	47,5%	47,1%
Taxa de paro	11,8%	12,0%	11,7%	11,0%	11,4%	11,2%	10,8%	10,6%
Taxa de temporalidade	26,5%	24,0%	24,5%	19,4%	22,5%	20,1%	18,9%	16,6%
Afiliacións (media trimestral)	1.015,3	996,0	1.015,5	1.036,9	1.023,8	1.038,8	1.045,1	1.039,8
Paro rexistrado (media trimestral)	163,2	180,3	163,4	146,2	153,9	145,9	142,0	142,9


Fonte: IGE

A taxa de paro galega descende no último ano ata o 11%, case dous puntos por baixo da media estatal (12,9%), o que a sitúa nunha posición intermedia respecto ao resto das CC.AA. Cómpre resaltar que no País Vasco a taxa de paro é inferior ao 9% tanto no caso dos homes como das mulleres (8,4% e 8,8%, respectivamente), situándose estas porcentaxes no 10,1% e 12% en Galicia.

Poboación activa

Por segundo ano consecutivo Galicia presenta en 2022 un incremento da poboación activa, acollendo un total de 1.240.400 persoas, o que supón 12.200 persoas máis que no ano precedente (1%), o incremento máis acusado dende o ano 2011, cando se rexistrou unha medra similar en termos absolutos (0,9%). Con todo, a pesar deste incremento a poboación activa aínda é un 0,1% (700 persoas) inferior á estimada antes da crise orixinada pola pandemia, o que contrasta co acontecino no conxunto do Estado, onde a poboación

Poboación activa: variacións 2021-2022



Fonte: IGE

activa é un 1,7% superior á de 2019.

O devandito incremento estimado en 2022 ven motivado polo comportamento das mulleres, con 12.300 persoas activas máis que no ano precedente (2,1%), cifra tan só superada en 2011 (2,5%; 14.700 persoas). Entre os homes, o número de activos redúcese en cen persoas. No conxunto do España a poboación activa medra en ambos os dous casos, sendo lixeiramente máis acusado o crecemento entre as mulleres que entre os homes (1% e 0,9%, respectivamente).

Comparado co estimado en 2019, a poboación activa feminina é superior ao nivel precrise nun 0,6% (3.500 mulleres mais), o que contrasta co acontecido entre os homes, cunha redución do 0,6% (4.100 activos menos). En España a poboación activa medra entre os dous anos considerados tanto entre os homes (0,7%) como en maior medida entre as mulleres, cunha medra do 2,8%.

Tras esta evolución, a participación laboral das mulleres aumenta tanto en Galicia como en España, se ben en Galicia este incremento se produce con maior intensidade, en tanto que entre os homes, a taxa de actividade redúcese lixeiramente, o que contrasta co estimado en España. A taxa de actividade feminina é notablemente inferior á masculina, con taxas do 49,2% e 57%, respectivamente, o que supón un diferencial de 7,8 puntos porcentuais (8,8 puntos no ano anterior). No conxunto

Taxas de actividade, ocupación, paro e temporalidade, 2022

	Galicia	España	Mellores CC.AA.	Peores CC.AA.
Taxa de actividade	53,0%	58,7%	Baleares (64,1%) Madrid (63,5%) Cataluña (60,9%) A Rioxa (60,3%)	Asturias(49,8%) Galicia (53,0%) Cantabria (54,8%) Castela e León (55,0%)
Taxa de ocupación	47,1%	51,1%	Baleares (57,1%) Madrid (56,3%) Cataluña (55,0%) A Rioxa (54,2%)	Asturias (43,5%) Andalucía (45,9%) Estremadura (46,0%) Galicia (47,1%)
Taxa de paro	11,0%	12,9%	País Vasco (8,6%) Aragón (9,4%) Cantabria (9,4%) A Rioxa (9,5%)	Andalucía (19,0%) Canarias (17,6%) Estremadura (17,3%) Castela A Mancha (14,3%)
Taxa de temporalidade	19,4%	21,1%	Madrid (15,8%) Cataluña (17,2%) Cantabria (18,0%) A Rioxa (18,7%) Galicia (19,4%)	Estremadura (28,8%) Andalucía (28,2%) Canarias (24,9%) Murcia (23,6%)


Fonte: INE

do Estado, o diferencial mantense no 9,9 puntos, aumentando a taxa de actividade feminina ata o 53,8% e a masculina ata o 63,7%. En ambos os dous casos Galicia mantense como a segunda C.A. coas taxas máis reducidas tras Asturias.

Xunto ao devandito incremento da poboación activa feminina cómpre resaltar o comportamento da poboación activa entre as persoas con estudos superiores, persoas con idades comprendidas entre 45 e 54 anos e entre as persoas de nacionalidade estranxeira. Dunha banda, o número de activos que posúen estudos superiores medra en 11.600 persoas (2,1%), ao igual que entre as persoas con idades comprendidas entre 45 e 54 anos (3,2%). Doutra banda, no conxunto do ano 2022 a poboación activa de nacionalidade estranxeira medra un 13,7% respecto ao ano anterior (9.500 persoas máis) fronte ao 0,2% no caso dos españois (2.700 persoas máis). Mención especial merece o incremento do 0,5% da poboación activa de 25-34 anos, rachándose a tendencia descendente iniciada en 2009 cando a poboación activa neste grupo de idade descendera un 2,2% (8.100 persoas menos que no ano anterior).

Fronte a este incremento, cómpre resaltar un novo descenso da poboación activa entre as persoas con idades comprendidas entre 35 e 44 anos, que en 2022 foi do 3,3% respecto ao ano anterior (11.300 persoas menos), sete décimas por riba do estimado no ano anterior (9.300 persoas menos).

Poboación activa 2022. Variación interanual




Fonte: IGE.

Entradas e saídas da actividade

A Enquisa de fluxos da poboación activa reflicte que en 2022 pasaron a formar parte da poboación activa en Galicia (media anual) un total de 57.000 persoas, o que supón unha redución de 2.200 persoas respecto ao estimado para o ano anterior. Por contra, o número de persoas que saíron da actividade ascendeu a 53.700 persoas, cando no ano anterior o fixeran 55.200 persoas. Deste xeito, o mercado laboral galego presenta un saldo positivo entre as entradas e as saídas da actividade de 3.300 persoas (en 2019 entraron na actividade 400 persoas máis das que saíran).

O fluxo total de entrada á ocupación dende a inactividade sitúase de media no ano 2022 en torno ás 23.000 persoas, cifra un 16,6% inferior á do ano

Fuxo da poboación activa 2022. Evolución trimestral



	2022 (número)	22/21 (número)	22/21 (%)
1 trim.	20.000	-	0,0%
2 trim.	26.000	- 4.200	-13,9%
3 trim.	25.900	- 11.600	-30,9%
4 trim.	20.000	- 2.500	-11,1%
	22.975	- 4.575	-16,6%

	2022 (número)	22/21 (número)	22/21 (%)
1 trim.	24.900	- 10.300	-29,3%
2 trim.	19.800	- 1.300	-6,2%
3 trim.	23.000	- 100	-0,4%
4 trim.	34.700	- 1.800	-4,9%
	25.600	- 3.375	-11,6%

	2022 (número)	22/21 (número)	22/21 (%)
1 trim.	37.400	3.800	11,3%
2 trim.	33.700	- 1.000	-2,9%
3 trim.	32.400	2.000	6,6%
4 trim.	29.500	- 900	-3,0%
	33.250	975	3,0%

	2022 (número)	22/21 (número)	22/21 (%)
1 trim.	26.800	- 600	-2,2%
2 trim.	29.600	3.200	12,1%
3 trim.	26.800	- 100	-0,4%
4 trim.	29.100	5.000	20,7%
	28.075	1.875	7,2%

Fonte: IGE, Estatística de fluxos da poboación activa

anterior (4.600 persoas menos). Así mesmo, o fluxo de saída da ocupación cara á inactividade reduciuse de media ata as 25.600 persoas, o que supón en torno a 3.400 persoas menos que no ano anterior. O número de persoas que estaban paradas en 2021 e que saen da actividade ascende a 28.100 persoas, cifra superior en 2.000 persoas á do ano anterior (7,2%). Así mesmo o fluxo de entradas ao paro de persoas que en 2021 eran considerados como inactivos ascende a 33.200 persoas, 1.000 menos que en 2021 (-3%).

No cuarto trimestre do ano, das 49.500 persoas que entran na actividade, 29.500 o fan cara o desemprego e 20.000 comezan a traballar (poboación ocupada). Por contra, 29.100 persoas que no terceiro trimestre estaban parados saen da actividade (5.000 máis que no ano anterior) e 34.700 ocupados pasan a formar parte da poboación inactiva (1.800 persoas menos).


Ocupación

A ralentización da economía galega no último ano non se traslada directamente ao mercado de traballo a as tres fontes consideradas presentando un crecemento da ocupación inferior ao do PIB en termos reais (3,8% respecto ao ano anterior). Dunha banda, tanto a poboación ocupada estimada pola EPA como as afiliacións presentan un incremento da ocupación superior á do ano anterior, ao situarse as taxas de variación interanual no 1,7% e 2,1%, respectivamente, fronte ao 1% e 2,1% do ano precedente. Doutra banda, as contas económicas reflicten unha significativa ralentización no ritmo de crecemento dos postos de traballo equivalente a tempo completo e do número de horas; en concreto, os primeiros medran un 2,2% fronte aos 7,3% do ano anterior, en tanto que o número de horas medra un 1,2% en 2022 e un 5,8% no ano 2021.España presenta un mellor comportamento nos catro indicadores mencionados, aumentando un 3,1% a poboación ocupada, un 3,8% no caso das afiliacións e dos postos de traballo equivalente a tempo completo e nun 4,1% no caso das horas traballadas.

No concernente ao número medio de afiliacións en alta laboral ao Sistema da Seguridade Social en Galicia con 1.036.862 persoas afiliadas en 2022, o que supón 22.477 afiliacións máis que no ano anterior. Atendendo á evolución mensual, a 31 de decembro Galicia conta con 1.032.624 persoas afiliadas en alta laboral, un 1% máis que na mesma data do ano anterior, acadando o nivel máximo, ao igual que en anos anteriores (agás en 2020), no mes de xullo, con 1.057.238 afiliacións.

Tras a entrada en vigor no mes de marzo da reforma laboral aprobada a finais de 2021, rexístrase un transvase

Evolución trimestral da ocupación en Galicia 2022. Taxas de variación interanual




Fonte: IGE

de emprego temporal cara aos contratos indefinidos. No ano 2022 o número de contratos temporais redúcese un 24,4% respecto ao ano anterior, aumentando un 15,1% a contratación indefinida. Dentro destes últimos, os indefinidos fixos discontinuos aumentan nun 96,1%. En termos absolutos, o número de contratos temporais redúcese en 51.156 contratos, aumentando por contra os indefinidos en 72.331 contratos, dos que 13.304 son indefinidos fixos discontinuos.

Atendendo á distribución sectorial, a actividade con maior número de afiliados é a de comercio ao retallo, agás vehículos de motor, que concentra o 10,3% das persoas afiliadas, por diante das actividades sanitarias e servizos de comidas e bebidas, que acollen en torno ao 6,5% das afiliacións cada unha delas. Tras o mal comportamento expe-

Evolución mensual das afiliacións á Seguridade Social en Galicia 2018-2022



Fonte: IGE, Afiliacións á Seguridade Social

rimentado en 2021, a rama de actividade con maior incremento de afiliacións é a de servizos de comidas e bebidas (CNAE 56), con 5.365 afiliados máis (8,8%); xunto coa educación (CNAE 85), con 1.872 afiliados máis (3,4%); e os servizos de aloxamento (CNAE 55), con 1.608 afiliados máis (17,2%). No extremo oposto, as que presentan os maiores descensos son as actividades do sector agrogandeiro (CNAE 01), con 1.205 afiliacións menos; por diante da fabricación de vehículos de motor (CNAE 29) e as actividades dos fogares como empregados de persoal doméstico (CNAE 97), con 861 e 850 afiliacións menos, respectivamente.

No que se refire á análise da poboación ocupada, tras unha medra interanual do 1,7% Galicia conta con 1.103.700 persoas ocupadas, o que supón 18.600 máis que no ano anterior. Tras esta medra, a ocupación supera xa o nivel precrise nun 0,8% (8.500 persoas máis). Así, a taxa de ocupación (relación entre a poboación ocupada e a poboación maior de 16 anos) ascende en Galicia ata o 47,1%, sete décimas

Afiliacións á Seguridade Social 2021-2022: distribución segundo principais ramas de actividade (1)

	2021		2022		22/21	
		(%)	(número)	(%)	(%)	(número)
47 Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocilcetas	105.423	10,4	106.367	10,3	0,9	944
86 Actividades sanitarias	66.458	6,6	67.606	6,5	1,7	1.148
56 Servizos de comidas e bebidas	60.976	6,0	66.340	6,4	8,8	5.364
84 Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	58.174	5,7	58.028	5,6	-0,3	-146
85 Educación	53.182	5,2	55.054	5,3	3,5	1.872
43 Actividades de construción especializada	49.075	4,8	50.194	4,8	2,3	1.119
46 Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	48.086	4,7	48.774	4,7	1,4	688
49 Transporte terrestre e por tubaxe	33.406	3,3	33.466	3,2	0,2	60
01 Agricultura, gandaría, caza e servizos relacionados con elas	34.594	3,4	33.389	3,2	-3,5	-1.205
10 Industria da alimentación	30.627	3,0	31.356	3,0	2,4	729
81 Servizos a edificios e actividades de xardinaría	28.801	2,8	28.843	2,8	0,1	42
41 Construción de edificios	24.530	2,4	24.858	2,4	1,3	328
97 Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico	25.588	2,5	24.738	2,4	-3,3	-850
45 Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	21.725	2,1	21.684	2,1	-0,2	-41
Subtotal (ramas con máis de 20.000 afiliacións)	640.645	63,2	650.697	62,8	1,6	10.052
Total	1.014.385	100	1.036.862	100	2,2	22.477

Ramas con maior incremento de afiliacións

	2021		2022		22/21	
	(número)	(%)	(número)	(%)	(%)	(número)
56 Servizos de comidas e bebidas	60.976	6,0	66.340	6,4	8,8	5.364
85 Educación	53.182	5,2	55.054	5,3	3,5	1.872
55 Servizos de aloxamento	9.329	0,9	10.937	1,1	17,2	1.608
93 Actividades deportivas, recreativas e de entretemento	9.736	1,0	11.293	1,1	16,0	1.557
62 Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa infor-	12.831	1,3	14.080	1,4	9,7	1.249

Ramas con maior descenso de afiliacións

	2021		2022		22/21	
	(número)	(%)	(número)	(%)	(%)	(número)
01 Agricultura, gandaría, caza e servizos relacionados con elas	34.594	3,4	33.389	3,2	-3,5	-1.205
29 Fabricación de vehículos e motor, remolques e semirremolques	15.895	1,6	15.034	1,4	-5,4	-861
97 Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico	25.588	2,5	24.738	2,4	-3,3	-850
78 Actividades relacionadas co emprego	11.481	1,1	11.126	1,1	-3,1	-355
03 Pesca e acuicultura	17.579	1,7	17.375	1,7	-1,2	-204


(1) ramas CNAE 2009;
Fonte: IGE, Afiliacións á Seguridade Social

máis que no ano anterior, o que sitúa a Galicia como a cuarta Comunidade Autónoma con menor taxa de emprego, por diante de Asturias (43,5%), Andalucía (45,9%) e Estremadura (46,0%). No conxunto do Estado esta porcentaxe ascende ata o 51,1%, 1,2 puntos máis que no ano precedente.

O devandito incremento interanual da ocupación prodúcese con maior intensidade entre mulleres, aumentando o emprego feminino en 15.400 persoas (3%) fronte aos 3.200 no caso dos homes (3.200 persoas; 0,6%). Esta medra é máis intensa no conxunto do Estado, estimándose un incremento da ocupación do 3,3% no caso das mulleres e do 2,9% no caso dos homes.

A taxa de ocupación aumenta lixeiramente en Galicia ata o 51,3% no caso dos homes, oito puntos superior á estimada para a ocupación feminina (43,1%), manténdose estas porcentaxes por baixo do estimado para o mercado laboral español: 56,6% e 45,9%, respectivamente. En relación ao resto das CC.AA., tan só Asturias presenta unha taxa inferior á galega no caso dos homes, en tanto que a taxa de ocupación feminina sitúa a Galicia como a quinta C.A. coa taxa más reducida tras Asturias, Estremadura, Andalucía e Castela-A Mancha.

Evolución trimestral da poboación ocupada 2021-22: distribución segundo sexo



Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Poboación ocupada en Galicia 2022: distribución segundo sectores económicos, situación profesional, ocupación, idade e nivel de formación acadado

	Galicia (en miles de persoas)			Galicia/España (%)			Galicia 22/21		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Total	1.103,7	574,5	529,2	5,4	5,2	5,6	1,7	5,2	5,6
Sectores económicos									
Sector primario	66,6	44,8	21,7	8,6	7,5	12,1	-1,2	7,5	12,1
Industria	167,4	114,5	52,9	6,0	5,7	6,9	-1,9	5,7	6,9
Construción	73,6	67,4	6,2	5,6	5,6	4,9	1,2	5,6	4,9
Servizos	796,1	347,8	448,4	5,1	4,9	5,4	2,8	4,9	5,4
Situación profesional									
Traballadores por conta propia	203,1	119,6	83,6	6,5	5,9	7,6	-2,4	5,9	7,6
Empregador	67,8	40,6	27,2	6,9	6,0	8,7	-0,9	6,0	8,7
Empresarios sen asalariados	129,5	76,2	53,3	6,4	5,9	7,2	-2,6	5,9	7,2
Membros cooperativas	1,7	1,2	0,5	6,3	6,5	5,7	21,4	6,5	5,7
Axuda na empresa ou negocio familiar	4,2	1,6	2,6	5,5	4,6	6,3	-22,2	4,6	6,3
Asalariados	900,4	454,9	445,4	5,2	5,1	5,4	2,7	5,1	5,4
Sector público	194,3	78,6	115,7	5,6	5,3	5,7	-2,5	5,3	5,7
Sector privado	706,1	376,3	329,8	5,1	5,0	5,2	4,3	5,0	5,2
Outra situación	0,2	0,1	0,1	1,5	1,7	1,4	-60,0	1,7	1,4
Ocupación									
Directores e xerentes	34,7	23,4	11,4	3,9	4,0	3,7	-21,6	4,0	3,7
Técnicos e profesionais científicos e intelect.	200,3	77,6	122,7	5,1	4,7	5,4	12,5	4,7	5,4
Técnicos e profesionais de apoio	125,1	78,0	47,1	5,2	5,3	5,1	-5,5	5,3	5,1
Empregados contables, admons. e outros empregados ofic.	97,0	29,7	67,3	4,6	4,4	4,7	5,5	4,4	4,7
Trab. servizos restaur., persoais, protecc, vend. comerc.	251,4	84,4	167,0	5,8	4,9	6,5	20,3	4,9	6,5
Trab. cualificado no sector primario	53,8	36,1	17,7	12,1	10,0	20,8	2,2	10,0	20,8
Trab. cualif. ind. manufact, construcc., minaría, agás operad.	143,8	126,5	17,3	6,7	6,4	9,9	0,9	6,4	9,9
Operadores	92,1	75,9	16,2	5,7	5,5	7,2	0,5	5,5	7,2
Ocupacións elementais	99,9	38,0	61,9	4,1	3,6	4,4	-9,6	3,6	4,4
Ocupacións militares	5,6	5,1	0,5	5,2	5,3	4,2	5,8	5,3	4,2
Grupos de idade							-		
16-19 anos	4,8	3,3	1,4	3,1	3,8	2,0	41,2	3,8	2,0
20-24 anos	33,9	19,9	14,0	3,5	3,7	3,2	10,4	3,7	3,2
25-34 anos	176,5	91,8	84,7	4,6	4,6	4,7	3,0	4,6	4,7
35-44 anos	303,0	156,0	146,9	5,7	5,5	5,8	-2,6	5,5	5,8
45-54 anos	345,4	179,1	166,3	5,8	5,6	6,1	3,5	5,6	6,1
55 e máis anos	240,1	124,4	115,7	5,8	5,5	6,2	2,3	5,5	6,2
Nivel de formación acadado (1)									
Analfabetos e educación primaria incompleta	3,1	2,2	0,9	1,4	1,5	1,3	19,2	1,5	1,3
Educación primaria	20,4	12,3	8,1	3,0	2,8	3,3	-1,4	2,8	3,3
Educación. secundaria	553,0	321,9	231,1	5,5	5,4	5,6	0,5	5,4	5,6
Educación superior	527,3	238,2	289,1	5,6	5,3	5,8	3,1	5,3	5,8

(1) Educación primaria inclúe estudios primarios incompletos, Educación secundaria inclúe 1ª etapa, 2ª etapa orientación xeral e profesional, e Educación superior inclúe doutorado
Fonte: INE, EPA

No que á evolución ao longo do ano se refire, cómpre mencionar que no segundo semestre do ano a ocupación tan só medra no caso das mulleres en relación ao mesmo período do ano anterior. No cuarto trimestre do ano, o emprego feminino medra en 19.600 persoas en relación ao cuarto trimestre de 2021, o que supón unha medra do 3,8%. Por contra, a ocupación entre os homes descende en 6.400 persoas, o que supón unha caída interanual do 1,1%.

Centrándose na análise das cifras totais da ocupación estimadas pola EPA, ademais do devandito maior crecemento do emprego entre as mulleres, con carácter xeral pode afirmarse que o incremento do emprego prodúcese en maior medida no sector servizos, entre as persoas asalariadas no sector privado, entre as persoas con estudios superiores así como entre os maiores de 45 anos. No extremo oposto redúcese a ocupación entre as persoas traballadoras por conta propia e os asalariados no ámbito público, así como no sector industrial e entre as persoas de 35 a 44 anos.

Atendendo á situación profesional dos ocupados, no conxunto do ano 2022, o incremento do emprego explícase case na súa totalidade pola evolución positiva das persoas asalariadas do sector privado, con 29.000 persoas ocupadas máis que no ano anterior (4,3%), dos que 19.200 son mulleres e 9.800 son homes (6,2% e 2,7% máis,


Poboación ocupada en Galicia no 2022: distribución segundo sexo e ramas de actividade

	2022 (en miles de persoas)			22/21 (taxa variación interanual)		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Total	1.103,7	574,5	529,2	1,7%	0,6%	3,0%
Sector Primario	66,6	44,8	21,7	-1,2%	0,7%	-4,4%
Agricultura, gandaría, caza e silvicultura	47,4	29,8	17,6	0,6%	3,5%	-3,3%
Pesca e acuicltura	19,2	15,1	4,1	-5,4%	-3,8%	-8,9%
Industria	167,4	114,5	52,9	-1,9%	-6,6%	10,0%
Industrias extractivas	3,4	2,7	0,7	-17,1%	-28,9%	133,3%
Industria manufactureira	156,7	106,8	49,9	0,9%	-3,1%	10,6%
Enerxía, subministro de auga e xestión de residuos	7,3	5,1	2,2	-35,4%	-40,7%	-18,5%
Construción	73,6	67,4	6,2	1,2%	0,3%	12,7%
Servizos	796,1	347,8	448,4	2,8%	3,2%	2,5%
Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	176,2	83,7	92,4	4,3%	2,1%	6,3%
Transporte e almacenamento	54,6	42,6	12,0	4,4%	-0,7%	27,7%
Hostalaria	70,1	28,9	41,2	9,5%	16,1%	5,4%
Act. de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais	166,1	86,7	79,4	5,0%	6,6%	3,3%
Admón. pública e defensa; seguranza social obrigatoria	67,8	39,4	28,4	-4,8%	-1,5%	-9,3%
Educación	73,6	21,9	51,7	2,5%	0,9%	3,2%
Actividades sanitarias e de servizos sociais	109,0	22,3	86,7	-0,3%	-6,7%	1,5%
Resto de servizos	78,8	22,2	56,5	0,3%	9,4%	-3,1%

Fonte: IGE

respectivamente). Pola contra, a ocupación por conta propia descende un 2,4% respecto ao ano anterior (5.100 persoas menos), estimándose esta caída tanto no caso dos empresarios con asalariados (-0,9%; 600 persoas menos) como entre as persoas empregadoras, cunha caída interanual do 2,6% (3.500 persoas). Este descenso de persoas traballadoras por conta propia prodúcese de xeito máis intenso entre os homes que entre as mulleres, cunha redución do 3,2% (-4.000 ocupados), case dous puntos máis que entre as

Estrutura da ocupación en Galiciano terceiro trimestre 2019-2022. Peso relativo sobre a poboación ocupada total



mulleres (-1,3%; 1.100 persoas). Con todo, cómpre mencionar o incremento do número de mulleres empregadoras, con 1.200 ocupadas máis (4,6%), o que contrasta coa redución do 4,2% entre os homes (1.800 menos).

Asemade, cómpre resaltar o incremento da ocupación entre as persoas con estudos superiores, e máis concretamente entre as mulleres. A poboación ocupada entre as persoas con estudios superiores medra un 3,1% (15.900 persoas), sendo este incremento do 4,9% entre as mulleres (13.500 persoas). No extremo oposto, a redución da ocupación entre as persoas que posúen tan só estudos primarios (-1,4%; 300 persoas) prodúcese por mor da caída entre os homes (1.300 persoas menos), o que contrasta co incremento da ocupación feminina (1.000 mulleres máis). Asemade, a ocupación medra entre as persoas con educación secundaria (2.500 persoas máis) e entre aquelas que non teñen terminados os estudos primarios (500 persoas) rexistrándose esta medra tanto no caso dos homes como das mulleres.

No que atinxe á distribución sectorial, o sector servizos concentra o 72,1% da poboación ocupada en Galicia, o que supón un total de 796.100 persoas, representando o conxunto das ramas manufactureiras o 14,2% (156.700 persoas ocupadas). O sector da construción concentran o 6,7% da poboación ocupada total en Galicia (73.600 persoas) e as actividades do sector primario o 6% (66.600 persoas). No ámbito do sector servizos a actividade que concentra o maior número de ocupados é a de comercio, cun 16% da poboación ocupada, por diante das actividades sanitarias e de servizos sociais, cun 9,9%. Se se compara esta estrutura coa existente no ano 2019, cómpre resaltar o desigual comportamento do sector servizos e o sector industrial tendo en conta que no primeiro caso o seu peso relativo aumenta nun punto porcentual, reducíndose en 1,2 no ámbito industrial. Entre as dúas datas consideradas, o peso relativo da hostalería redúcese en 1,1 puntos porcentuais e no da industria manufactureira considerada no seu conxunto en oito décimas, o que contrasta coa medra de seis décimas no caso do transporte e almacenamento.

Calidade do emprego

Tras o devandito crecemento do 3,8% da actividade económica en Galicia, a ocupación a tempo parcial presenta un maior dinamismo que a ocupación a tempo completo. Dunha banda, ocupación a tempo parcial no último ano medra un 3,2% respecto ao ano anterior (4.200 persoas máis) fronte ao 1,3% no caso da ocupación a tempo completo (9.700 persoas máis). Isto contrasta co acontecido no conxunto do Estado onde a xornada a tempo completo presenta unha medra interanual do 3,5%, case seis veces máis do acontecido no caso da ocupación a tempo parcial (0,6%).

A pesar da medra do 9,7% do número de asalariados indefinidos (64.300 persoas), os datos da EPA reflicten o maior dinamismo do emprego a tempo parcial, que medra un 19,1% respecto ao ano anterior (14.600 persoas) fronte ao 8,5% no caso do emprego asalariado a tempo completo (49.700 persoas asalariadas). Tras esta evolución, o 87,4% dos contratos indefinidos son contratos a tempo completo, o que supón un punto máis que no ano anterior e tamén en 2019.

A análise da desagregación segundo sexo reflicte a desigualdade entre homes e mulleres xa que o 84,4% das persoas asalariadas con contrato indefinido a tempo parcial en Galicia no último ano son mulleres -porcentaxe que supera lixeiramente o 85,5% nos anos 2019 e 2021-; en tanto que no caso do emprego a tempo completo o seu peso relativo mantense en torno ao 42,5%, un punto por baixo do estimado en 2019. Asemade, o 22,2% das mulleres asalariadas con contrato indefinido teñen un emprego a tempo parcial o que contrasta co 3,7% estimado entre os homes (20,6% e 3,2% no ano 2019, respectivamente).

Doutra banda, o número de persoas asalariadas con contrato temporal redúcese de xeito significativo no último ano, cunha caída do 18,8% (40.300 persoas máis), sendo esta máis acusada que no conxunto do Estado (-12,8%). O devandito descenso do emprego temporal en Galicia prodúcese tanto en homes como en mulleres, se ben é máis intenso entre os homes, onde o emprego temporal se reduce un 23,8%, que entre as mulleres, cun 14,4% (23.700 e 16.600 persoas menos, respectivamente). En España, esta caída é tamén menos intensa que en Galicia, situándose estas porcentaxes no 14,3% e 11%, respectivamente.

Tras esta evolución, a taxa de temporalidade sitúase no 19,4%, máis de cinco puntos inferior á rexistrada no ano anterior e sete en relación ao estimado en 2019 (24,5% e 26,5%, respectivamente). Atendendo a este indicador a calidade de emprego feminino é inferior á masculina dado que a taxa de temporalidade entre as mulleres se sitúa no 22,1% fronte ao 16,7% no caso dos homes. Asemade, cómpre resaltar que en comparación co estimado no ano 2019, a taxa da temporalidade redúcese tanto no caso dos homes como das mulleres, sendo máis acusada no caso dos homes (8,5 puntos porcentuais no caso dos homes e 5,7 no das mulleres). No conxunto de España a temporalidade sitúase no 21,1%, oscilando esta entre o 23,6% no caso das mulleres e o 18,8% no dos homes, o que supón un descenso respecto ao ano 2019 de 3,6 puntos entre os homes e de 6,6 puntos entre as mulleres.

O devandito descenso das persoas asalariadas cunha contratación temporal prodúcese tanto no sector público como, en moita maior medida, no ám-

bito privado, cunha caída interanual do 0,9% e 25,4%, respectivamente, o que contrasta co estimado no conxunto do Estado onde os asalariados temporais no sector público medra un 2,9% (-17,9% no sector privado. Deste xeito, a taxa de temporalidade no ámbito público aumenta ata o 29,7%, máis de trece puntos por riba do estimado para o sector privado (16,5%), situándose no conxunto do Estado en 31,4% e 18,5%, respectivamente.

DESEMPREGO

Os datos recollidos na Enquisa de Poboación Activa (EPA) reflicten que no último ano, unha vez superado o ano 2020, o ano con maior impacto da pandemia, o desemprego continúa coa tendencia descendente iniciada en 2014. A poboación parada descende no último ano en Galicia ata as 136.700 persoas, 6.400 persoas menos que no ano anterior, das que 72.300 son mulleres (52,9%) e 64.700 son homes (47,1%). En termos relativos, o desemprego descende un 4,5% respecto ao ano precedente, porcentaxe significativamente inferior á experimentada no conxunto do Estado, cunha redución do 11,8%. Tras esta evolución a taxa de paro en Galicia redúcese ata o 11%, sete décimas menos que a media do ano anterior, porcentaxe que se sitúa 1,9 puntos por baixo da media estatal (12,9%).

Os datos do número de persoas rexistradas nas oficinas de emprego en Galicia reflicten tamén ese descenso do desemprego, producíndose este con maior intensidade que o reflectido pola EPA. En 2022 o número de persoas paradas rexistradas redúcese un 10,6% respecto ao ano anterior para situarse en torno a 146.200. Este descenso relativo sitúase máis de seis puntos porcentuais por baixo do rexistrado no conxunto do Estado, onde o paro redúcese un 16,9% respecto ao ano anterior.

Centrándose na análise da poboación ocupada (EPA), as taxas de paro reflicten que o desemprego afecta en maior medida ao desemprego feminino. Dunha banda, a taxa de paro entre as mulleres descende ata o 12% fronte ao 10,1% entre os homes. Comparado co acontecido no conxunto de España, o diferencial entre homes e mulleres é máis acusado no conxunto do Estado, onde a taxa de paro feminino descende ata o 14,8%, 3,5 puntos máis elevada que o desemprego entre os homes.

En relación ao resto da CC.AA. a taxa de paro galega sitúase nunha posición intermedia, manténdose o País Vasco (8,6%) como a C.A. con menor desemprego, seguíndolle no último ano Aragón e Cantabria (9,4%). No que á taxa de paro masculina se refire, Galicia é a

Evolución da poboación parada e da taxa de paro en Galicia 2019-2022.


	2019	2020	2021	2022	2022 I	2022 II	2022 III	2022 IV
				(en miles de persoas)				
Poboación parada	145,9	146,7	143,1	136,7	141,0	139,4	134,8	131,4
Homes	69,1	69,5	67,7	64,4	64,7	67,7	63,2	61,8
Mulleres	76,8	77,2	75,4	72,3	76,4	71,7	71,7	69,6
Paro de longa duración	57,1	49,9	59,0	51,7	57,2	52,9	49,7	47,0
				(Taxa de variación interanual; %)				
Poboación parada	-12,1	0,5	-2,5	-4,5	-10,9	8,5	6,4	-2,7
Homes	-13,1	0,6	-2,6	-4,9	-13,4	-5,6	2,9	-2,1
Mulleres	-11,1	0,5	-2,3	-4,1	-8,6	-11,0	9,8	-3,3
Paro de longa duración	-21,8	-12,6	18,2	-12,4	-6,8	-17,0	-3,5	-20,9
				(porcentraxe de poboación activa; %)				
Taxa de paro								
Total	11,8	12,0	11,7	11,0	11,4	11,2	10,8	10,6
Homes	10,7	10,9	10,6	10,1	10,1	10,5	9,8	9,8
Mulleres	12,8	13,2	12,8	12,0	12,9	11,9	11,8	11,5
Segundo nivel de estudios								
Estudios primarios	30,0	27,5	26,7	24,2	26,4	25,7	20,2	24,1
ESO. 1ª etapa	16,7	15,9	15,9	13,3	14,2	13,9	12,2	13,0
ESO. 2ª etapa	15,0	15,5	15,6	12,8	13,4	13,6	12,4	11,8
Educación superior	8,4	10,2	9,6	8,1	8,0	7,7	8,7	7,8
Segundo grupos de idade								
Menores de 25 anos	27,8	33,1	32,2	32,5	32,0	34,9	32,5	30,4
De 25 a 54 anos	11,3	11,7	11,0	10,2	10,7	10,2	9,9	10,1
Maiores de 55 anos	9,9	8,9	10,0	9,2	9,7	9,8	8,9	8,3
Segundo nacionalidade								
Española	11,1	11,3	10,7	10,3	10,5	10,6	10,2	10,1
Estranxeira	23,9	24,6	27,0	21,4	27,3	20,8	19,7	18,0

Fonte: IGE

oitava comunidade coa taxa de paro máis elevada, aumentando o diferencial respecto a Aragón e, sobre todo, Cantabria, CC.AA. onde o desemprego é lixeiramente superior ao 7,6%. Entre as mulleres, Galicia é a oitava C.A. con menor taxa de desemprego, se ben é a Comunidade do norte de España coas taxas máis elevadas (agás Asturias). Ao igual que no caso dos homes, aumenta o diferencial respecto ás dúas CC.AA. coas taxas máis reducidas: País Vasco, cun 8,8%, e Navarra, co 10,1%.

As persoas menores de 25 anos, estranxeiros e con estudios primarios volven a ser os colectivos máis afectados polo desemprego. Dunha banda, a taxa de paro entre os menores de 25 anos aumenta lixeiramente ata o 32,5%, máis de catro puntos e medio por riba

Evolución do paro rexistrado en Galicia 2018-2022.




Fonte: IGE

do estimado para o ano 2019 (27,8%), mentres que entre as persoas de 25 a 54 anos a taxa de paro redúcese ata o 10,2% (11,3% en 2019) e entre os maiores de 55 anos ata o 8,1% (9,9% no ano 2019). Doutra banda, atendendo ao nivel de estudos rematados, a taxa de paro descende ata o 24,2% no caso das persoas con estudos primarios, case seis puntos inferior á de 2019 (30%), situándose no 8,1% entre aquelas con educación superior (8,4% no ano anterior). Por último, a taxa de paro entre as persoas con nacionalidade española era do 10,3% fronte ao 21,4% entre os estranxeiros, rachándose a tendencia crecente dos últimos anos no caso da poboación estranxeira.

Por último, cómpre facer referencia ao desemprego de longa duración, que tras o incremento experimentado no ano anterior, retoma a tendencia descendente iniciada en 2015. No conxunto do ano 2022 o número de persoas que levaban doce ou máis meses en situación de desemprego situábase en 51.700 persoas, 7.300 menos que no ano precedente. Tendo en conta que o número de persoas en situación de desemprego de longa duración redúcese un 12,4% respecto ao ano anterior e o paro total o fai nun 4,5%, o seu peso relativo no paro total galego descende ata o 37,8%. No último ano trinta e oito de cada cen parados galegos son parados de longa duración, máis de tres puntos inferior ao estimado no ano anterior (41,2%), situándose esta porcentaxe no 39,1% no ano 2019 (53,4% ao comezo da recuperación económica en 2014).

Evolución do desemprego e do paro de longa duración 2009-2022



Fonte: IGE

O devandito descenso do paro de longa duración prodúcese nos diferentes grupos de idade, salientando o estimado entre os máis novos, cunha redución do 40,5% (1.500 persoas menos), así como entre as persoas de máis de 55 anos, cunha caída do 14,8%, o que supón 2.500 persoas paradas menos. Atendendo á distribución segundo o nivel de estudios, o descenso prodúcese tanto nas persoas con estudos primarios como secundarios e estudos superiores, rexistrándose a caída máis acusada entre as persoas con estudios superiores, con 4.700 persoas paradas menos (-23,7%), o que contrasta co incremento rexistrado nos dous anos anteriores.

La inflación en el diván de la macroeconomía
Nota de coyuntura
Daniel Fuentes - Universidad de Alcalá

La fuerte corrección esperada por el indicador adelantado del IPC de marzo no debe llevar a equívocos, pues responde fundamentalmente a un importante efecto base, al coincidir este mes con el primero posterior al aniversario de la invasión rusa de Ucrania. Recordemos, en este sentido, que el índice general creció en marzo de 2022 nada menos que 3 puntos en tasa mensual, disparando el aumento interanual desde el 7,6% registrado el mes anterior hasta el 9,8%.

Con los últimos datos definitivos disponibles, correspondientes a febrero, la inflación interanual se sitúa en el 6%, tras un aumento mensual de 0,9%. Se esperaba ver una ligera reducción tanto del índice general como de la inflación subyacente (general excepto energía y alimentos no elaborados), que finalmente se sitúa ya en el 7,6% interanual, tras un aumento de 0,7% en el último mes. Si nos referimos al núcleo inflacionista en el sentido del BCE (que excluye la energía, los alimentos elaborados y no elaborados, las bebidas y el tabaco), la inflación subyacente estaría entonces en el 5,2%, una décima más que el mes anterior, lejos del objetivo de estabilidad de precios del 2%.

En cuanto a su composición, el aumento del nivel de precios afecta a la casi totalidad de bienes y servicios, con la sola excepción relevante de los precios energéticos que, además de por un efecto base negativo, se han visto beneficiados por un invierno suave y por las medidas de ahorro energético y de aprovisionamiento adoptadas los meses previos a escala europea.

El precio de los alimentos no elaborados aumentó 2,3% en el mes, hasta el 13,4% interanual, y el de los alimentado elaborados 1,5%, hasta el 19% interanual. En conjunto, el precio de los alimentos y bebidas ha aumentado el 16,4% en los últimos doce meses. Por su parte, el precio de los bienes industriales no energéticos registró una ligera cesión de 0,4% en el mes, situándose el aumento interanual en el 5,7%. Los servicios aumentaron 0,5%, principalmente en actividades relacionadas con el turismo, hasta el 4,2% interanual.

En conjunto, la inflación se muestra más persistente de lo esperado hace unos meses, a pesar de la disminución

de los precios energéticos y, hasta la fecha, del aumento moderado de los costes laborales.

Pese a ello, cabe esperar una disminución de la inflación general durante la primera mitad del año, que no estará exenta de dientes de sierra (resultado de importantes efectos base) hasta tasas que podrían situarse por debajo del 3% en junio, para darse la vuelta en la segunda mitad del año hacia valores del 4% o 5%, con un promedio anual que el panel de FUNCAS sitúa en 4,2% en 2023 y 2,8% en 2024, en línea con el 4,4% y 2,5% respectivamente estimados por la Comisión Europea. El Banco de España, por su parte, apunta a una inflación media de 3,7% este año y 3,6% el que viene.

El precio de los alimentos no cede

La persistencia de la inflación resulta especialmente significativa en el caso de los alimentos procesados, habida cuenta del comportamiento de los precios industriales en el sector. Así, por ejemplo, el precio de la fabricación de aceites y grasas vegetales y animales ha aumentado un 30,4% en los últimos doce meses, el de la fabricación de productos lácteos un 25,4%, el procesado y conservación de carne un 18,7% y la fabricación de productos de panadería y pastas alimenticias un 14,4%.


La casuística dentro de los alimentos es extensa, con singularidades que van desde los lácteos (desvieje) al aceite de girasol (guerra de Ucrania) o la pasta (el aumento interanual del precio del trigo es ya prácticamente nulo, pero el precio de consumo final del pan todavía es un 13,2% superior al de hace doce meses y el de la pasta 11,4%). Dado que, por una parte, los precios industriales todavía no han tocado techo en determinados casos (como el procesado de carne, de lácteos o de cereales) y, por otra parte, que la traslación de los precios industriales a los precios de consumo final se mide en meses, no parece probable que el precio de los alimentos vaya a experimentar una corrección inmediata.

Comparativa europea

La inflación registrada en España presenta un rasgo singular en la eurozona. A diferencia de lo observado en otros momentos del pasado, la inflación armonizada está siendo sensiblemente inferior a la europea, especialmente desde la adopción por España de la llamada ‘excepción ibérica’. Falta por saber actualmente en qué condiciones y hasta cuándo será posible prolongar dicho mecanismo.

En concreto, mientras la eurozona registra en febrero (último dato disponible) un aumento de la inflación general de 8,5% interanual, en el caso de España se sitúa en el 6%. Esto ocurre con niveles de inflación subyacente muy similares, de 5,6% y 5,2% respectivamente, de donde se tiene

IPCA Eurozona y España (Índice 100=2015)



Fuente: EUROSTAT

que los componentes de mayor volatilidad, en particular la energía, explican la diferencia entre la inflación general observada: mientras el precio de la energía en la eurozona ha aumentado un 13,7% en los últimos doce meses, en España ha disminuido un 8,8% (gráfico 1).

Por otra parte, el comportamiento del precio de los alimentos resulta extraordinariamente similar entre ambas economías (gráfico 1), con un crecimiento en el último año del 16,7% en España y del 17,7% en la Eurozona, y del 23% en ambos casos si nos referimos a los dos últimos años.


Consecuencias macroeconómicas

En este contexto, sujeto a una elevada incertidumbre (recordemos que el shock inflacionario tiene su origen en la invasión rusa de Ucrania, aunque ya se venían arrastrando tensiones inflacionistas en otros frentes -cuellos de botella en el comercio internacional y otras distorsiones asociadas al COVID-), las derivadas macroeconómicas del actual proceso inflacionario son de diversa índole; entre otras, las siguientes:

- **Naturaleza de la inflación y efectividad de la política monetaria.**

Tras casi una década de tipos cero, los principales bancos centrales han dado paso a una intensa y continuada subida de los tipos de interés (el precio de referencia del dinero en la eurozona ha pasado de 0% en junio de 2022 a 3,5% en marzo de 2023, en apenas nueve meses). Aunque el peso de los factores de demanda es evidente en el caso de los EEUU, quizás sea menos determinante en el caso europeo, afectado principalmente por factores de oferta (costes energéticos) y por la evolución de los márgenes empresariales. Una señal en este sentido es que, a diferencia de los EEUU, el consumo de los hogares en la eurozona aún no ha recuperado el nivel pre pandemia (gráfico 2).

Pese a ello, otros motivos han aconsejado al BCE a subir los tipos de interés. En primer lugar, evitar un aumento de la inflación importada a través de la depreciación del euro y el pago en dólares de la factura exterior de hidrocarburos. Y, en segundo lugar, prevenir el enquistamiento de una inflación de demanda futura. En todo caso, el debate sobre la efectividad de la política de tipos de interés como herramienta para el control de la inflación nos seguirá acompañando en los próximos meses.



Fuente: AMECO

- **Tipos de interés y estabilidad financiera.** Una derivada colateral de la política de tipos de interés en los próximos meses podría ser un recrudecimiento de la inestabilidad financiera, no tanto a raíz de los casos particulares del SVB en EEUU y de Crédit Suisse en Europa como de potenciales tensiones de liquidez en algunas entidades, como resultado de flujos de salida de depósitos en busca de protección frente a la inflación y como respuesta al aumento de tipos. El BCE tendrá que hacer frente a un triple objetivo: controlar la inflación, garantizar la estabilidad financiera y, en la medida de lo posible, evitar un coste elevado en términos de menor crecimiento económico (la recesión inducida es un escenario de riesgo).

- **Poder adquisitivo y consumo de los hogares.** Los últimos datos de afiliación a la Seguridad Social apuntan a una reactivación del empleo, principal determinante del consumo privado. No obstante, el debilitamiento del poder adquisitivo, como resultado conjunto de la inflación acumulada desde mediados de 2021, de la débil evolución de los salarios y del aumento del euríbor (impacto en cuotas hipotecarias), supone una vulnerabilidad al crecimiento económico en el corto plazo. Todo indica que el ajuste del actual shock inflacionario está recayendo sobre todo en los salarios y en mucha menor medida en los márgenes empresariales, si bien con gran heterogeneidad entre sectores y tipos de empresa.

Son muchas las preguntas a contestar en los próximos meses. En todo caso, conviene también tener en cuenta las tendencias de fondo. La economía europea necesitará en los próximos años grandes inversiones, en un contexto de elevadas ratios de deuda pública, para abordar el desafío energético pendiente, acelerar la descarbonización de la economía, recuperar en la medida de lo posible el retraso digital con nuestros competidores asiáticos, materializar una política de seguridad común y hacer frente al reto demográfico, entre otros. Algunas de estas fuerzas, una vez consolidadas, presionarán el nivel general de precios a la baja, pero es probable que, sobre todo en el corto y medio plazo, contribuyan a tensionarlos más.

www.foroeconomicodegalicia.es

O Foro Económico de Galicia é unha plataforma de transferencia de coñecemento en materia económica dende as empresas e universidades galegas á sociedade e aos espazos de decisión pública. O Foro integra a profesores e investigadores, empresarios e directivos representativos dos diferentes sectores e áreas de Galicia, e xornalistas galegos de referencia.

SOCIOS

//ABANCA	Asociación Gallega Empresa Familiar	Casal de Armán
civisglobal construimos entorno	COREN	CRTVG CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA
Cruz Roja	Domusvi Cuidamos personas en buena compañía	Galuresa Algo más que gasolineras
Hierros AÑÓN, S.A.	Estrella Galicia	JEALSA
MEGASA	Naturgy	GrupoNogar
PÉREZ RUMBAO	ReVi	Rodiñas
Rodman	Consorcio Zona Franca Vigo	Grupo de investigación GEN Universidade Vigo



//ABANCA

Foro económico de Galicia

Informe de Conxuntura socioeconómica

I / 2023

Fernando González Laxe (coord.)
José Francisco Armesto Pina
Patricio Sánchez Fernández
Santiago Lago Peñas

www.foroeconomicodegalicia.es